


O abecedario. Proposta didáctica



Libro

Ilustracións de Óscar Villán

Formato: 16 ×16 cm

28 páxinas

ISBN: 978-84-606-7019-3

Texto: A Mesa pola

Normalización Lingüística

PVP: 9 euros

Tipografía: Isaac Sans de

Marcos Dopico

Impreso na Galiza

Con este título comezamos un proxecto didáctico destinado á educación infantil. O abecedario, as 23 letras do abecedario galego acompañadas dunha ilustración de Óscar Villán. O obxectivo é recoñecer as letras e enriquecer o vocabulario.

O libro é para aprender o abecedario mais tamén para admirar as ilustración, para ver, imaxinar ou inventar. Aprenderán a asociar letras e imaxes, a distinguir a grafía de cada letra e ampliarán o seu vocabulario.



A lámina con ilustracións de Óscar Villán é para que as nenas e os nenos aprendan o abecedario galego divertíndose e identificando as imaxes con cada letra. Especialmente indicada para a iniciación á lectura. Impresa a toda cor sobre papel de alta calidade plastificado mate de 200 g. Con tintas biodegradábeis. Presentada nun tubo de cartón reciclado.

A canción «O abecedario» con letra e música de Magín Blanco é unha boa ferramenta para aprender o abecedario galego así como para estimular a linguaxe oral. Cantar é un excelente recurso didáctico para os nenos e nenas. Favorece o desenvolvemento da atención, concentración, memoria, imitación, comunicación e socialización. Canta a canción do abecedario, ensíñalles as letras e a ler aos nenos e nenas en galego dunha forma divertida.

As propostas de actividades que seguen son só iso, ideas, orientacións, puntos de partida, suxestións... Gustaríanos que estas propostas axuden a nais, pais, educadoras/es, profesorado, bibliotecarias/os e ás lectoras/es a descubrireren mellor o libro. Non son leccións nin fichas de traballo, non procuran un resultado homoxéneo, non son obrigatorias, nin desexamos que sexan levadas ao pé da letra.

Xogar co abecedario

Nos primeiros momentos de contacto co abecedario unha forma moi divertida de iren asociando a forma das letras é que fagan as letras do abecedario con plastilina. Un xogo moi entretido e educativo co que os máis pequenos e pequenas poden comezar a identificar as formas das letras. A actividade de modelar resúltalles divertida e aprenden as letras de maneira lúdica. A plastilina ofrece moitas posibilidades e permítenos elixir entre moitas cores. Pode quedar un abecedario moi colorido e bonito.





Lámina

Ilustracións de Óscar Villán
 Medida: 70 x 42 cm
 PVP: 12'50 euros
 Feita na Galiza



Canción

Letra e música de Magín Blanco
www.youtube.com/watch?v=4tRpgWfWSZs

Crear abecedarios

Existen moitos abecedarios, con nomes, características diferentes que lle confiren a súa personalidade. Nós tamén podemos crear abecedarios únicos.

Partindo dos nomes dos nenos e nenas crearemos un abecedario de nomes. Por exemplo, A de Aldara, L, de Lois, N de Nuno, S de Sabela, U de Uxía ou de X de Xabier. Hai nomes que comecen por todas as letras? Hai varios nomes coa mesma letra? O abecedario non ten límites, se no grupo concreto non hai nomes que comecen por todas as letras sempre podemos botar man de amigas e amigos, familiares ou veciños e veciñas. Seguro que conseguimos completalo!!!

Outras opcións, para máis maiores, é crear abecedarios de animais, por exemplo neste abecedario temos o can, a donña, a raposa...; de alimentos, por exemplo, iogur, xeado; de flores.. ou das nosas palabras favoritas. Despois de escoller o que vai formar parte do abecedario podemos completalo con debuxos.

Aquí deixamos algunhas propostas de palabras para que vos inspiredes:

A
 agasallo, árbore,
 abano

B
 billa, balea, botón

C
 cadeira, casa,
 cenoria,

D
 dedo, dinosauro,
 dado

E
 estrela, esquío,
 espantallo

F
 flor, folla, formiga

G
 gato, galiña, gravata

H
 herba, horta,
 helicóptero

I
 illa, iglú, ioió

L
 laranxa, lúa,
 lentellas

M
 mazá, mel,
 margarida

N
 nube, nariz, noz

Ñ
 ñu, ñandú,
 miñoca

O
 ovo, ovella, ollomol

P
 papoula, peixe,
 paxaro

Q
 quiquiriquí,
 queixo, quiosco

R
 rato, ra,
 regadeira

S
 sol, sapo,
 sombreiro

T
 tren, tesoiras,
 tartaruga

U
 uña, uvas, urna

V
 vaca, vagón,
 vestido

X
 xanela, xesta,
 xoaniña

Z
 zapato, zoca,
 zume

Nais, pais, bibliotecas, escolas

Animádesvos?

Para A Mesa pola Normalización Lingüística sería un pracer recibir imaxes, textos, gravacións, vídeos e traballos producidos con esta proposta. Enviádenos os resultados para amesa@amesa.gal. Gustaríamos de os mostrar na nosa páxina: www.amesa.gal